ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE VALORACIÓN DA BAIXA TEMERARIA DO LOTE Nº 5 E DE CLASIFICACÍON E VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR NOS LOTES Nº 1, Nº 4, e Nº 6 DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN XUVENIL "LIDERA" DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 13:00 horas do día 5 de xullo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

C.I.F.: P – 1500200 – I

ASISTENTES:

Presidente:

Genma Otero Uhía, Concelleira delegada de Economía e Facenda.

Vogais:

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental

Margarita Fernández Sobrino, interventora municipal.

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación.

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Reúnese a Mesa de Contratación para analizar a seguinte documentación con respecto aos seguintes lotes:

a) Lote nº 1 – Primeiros Auxilios

Con data 15 de xuño de 2018, mediante o Sistema de Notificacións de Galicia (notifica.gal) comunícase electronicamente á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI SL a segunda clasificación de ofertas ás empresas clasificadas en primeiro lugar no lote nº 1, do procedemento de licitación do Servizo para o Desenvolvemento do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"*, requiríndoselles para que no prazo de dez días hábiles acheguen a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder á súa adxudicación definitiva.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 15 de xullo de 2018.

O 29 de xuño de 2018, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral Municipal, (r.e. 000/5158, a empresa presentou a seguinte documentación:

- Acreditación da solvencia técnica ou profesional.
- Xustificante de ter constituída a garantía definitiva para os dous lotes
- Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios para os dous lotes.
- Certificación negativa do rexistro xeral de delincuentes sexuais daqueles/as formadores/as que van impartir a docencia.

A Mesa de Contratación puido comprobar que a documentación requirida foi presentada en prazo, e que é suficientemente xustificativa propoñendo polo tanto a adxudicación do lote nº 1 – Primeiros Auxilios.

b) Lote nº 4 – English Today

Con data 15 de xuño de 2018, mediante o Sistema de Notificacións de Galicia (notifica.gal) comunícase electronicamente á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI SL a segunda clasificación de ofertas ás empresas clasificadas en primeiro lugar no lote nº 4, do procedemento de licitación do Servizo para o Desenvolvemento do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"*, requiríndoselles para que no prazo de dez días hábiles acheguen a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder á súa adxudicación definitiva.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 15 de xullo de 2018.

O 29 de xuño de 2018, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral Municipal, (r.e. 000/5158, a empresa presentou a seguinte documentación:

- Acreditación da solvencia técnica ou profesional.
- Xustificante de ter constituída a garantía definitiva para os dous lotes
- Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios para os dous lotes.
- Certificación negativa do rexistro xeral de delincuentes sexuais daqueles/as formadores/as que van impartir a docencia.

A Mesa de Contratación puido comprobar que a documentación requirida foi presentada en prazo, e que é suficientemente xustificativa propoñendo polo tanto a adxudicación do lote nº 4 – English Today.

c) Lote nº 5 – Reforzo Educativo

O 25 de abril de 2018 acordouse dirixir escrito á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L. solicitando que acredite mediante documentación xustificativa a baixa temeraria na que incorre a oferta presentada.

O 30 de abril de 2018. (r.s. 201800000002653) notificóuselle á empresa solicitude de xustificación da baixa temeraria.

Con data 5 de maio de 2018, r.e. 20189990000771, a empresa presenta documentación xustificativa da baixa temeraria presentada.

O 4 de xullo de 2018 a técnico de Mocidade e Información Xuvenil emite informe no que considera inxustificada a baixa temeraria do licitador.

Ao non quedar acreditada suficientemente a baixa temeraria do licitador a Mesa de Contratación propón a exclusión do Lote nº 5 á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L., ao amparo do artigo 152.4 do TRLCSP.

d) Lote nº 6 – Monitor de Tempo Libre

Con data 15 de xuño de 2018, mediante o Sistema de Notificacións de Galicia (notifica.gal) comunícase electronicamente á empresa FESAN, FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES a segunda clasificación de ofertas ás empresas clasificadas en primeiro lugar no lote nº 6, do procedemento de licitación do Servizo para o Desenvolvemento do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"*, requiríndoselles para que no prazo de dez días hábiles acheguen a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder á súa adxudicación definitiva.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 15 de xuño de 2018.

O 21 de xuño de 2018, mediante instancia presentada por rexistro de entrada (r.e. 000/4994) presenta a seguinte documentación:

- Acreditación de solvencia económica e financieira e solvencia técnica.
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva
- Certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do persoal a prestar

o servizo.

Tras o análise da documentación presenada cabe mencionar que en relación á documentación acreditativa da experiencia profesional do/s formador/res que van a impartir o servizo esta non achega ningun documento que permita acreditar fehaciente e inequivocamente dita formación e experiencia (titulacións, contratos de traballo, vida laboral, ... etc), tal e como se indica na cláusula 10.3.2.b) , non podendo neste intre procesual outorgarse un novo prazo para presentar nova documentación, tal e como se establece na Resolución 28/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais establece en relación a admisión ou non de subsanación da documentación aportada polo licitador no trámite do artigo 151.2 do TRLCP que [... *suporía un punto de máxima inseguridade xurídica para o resto dos licitadores, e sería contrario aos principios de publicidade, libre concorrencia e transparencia na contratación, consagrados nos artígos 1 e 139 do TRLCSP]*

[..... En definitiva, o prazo conferido no artígo 151.2 TRLCSP é imporrogable, non sendo posible outorgar ampliación do mesmo nin prazo para a subsanacón dos posibles defectos que se detectasen na documentación presentada, polo que si o órgano de contratación considera – como é o caso- que a documentación non é adecuada, a consecuencia será ter por desistido ao licitador e polo tanto a súa exclusión do procedemento, debendo pasar ao seguinte no orden de clasificación.]

Ao non quedar xustificada a experiencia do/s monitor/a/s que van a prestar o servizo, e polo tanto a correspondente solvencia técnica, a Mesa de Contratación propón a exclusión do procedemento no Lote nº 6 da empresa FESAN, FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES en base ao artígo 151.2 do TRLCSP

Por todo o exposto, a Mesa de Contratación en relación ao expediente do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA propoñer ao órgano de contratación:**

Primeiro.- A adxudicación do Lote nº 1 – Primerios Auxilios, á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI SL, CIF B-36591063 coas seguintes características:

Lote	Empresa	CIF	Prezo/hora/ curso	Horas estimadas de duración	Oferta total contrato
Nº 1.- Primeiros Auxilios	ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	B-36591063	43,20 €	60	2.592,00 €

Segundo.- A adxudicación do Lote nº 4 – English Today, á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI SL, CIF B-36591063 coas seguintes características:

Lote	Empresa	CIF	Prezo/hora/ curso	Horas estimadas de duración	Oferta total contrato
Lote nº 4.- English Today	ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	B-36591063	27,20 €	160	4.352,00 €

Terceiro.- A exclusión no Lote nº5 – Reforzo Educativo do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L. ao non quedar xustificada a baixa temeraria da oferta presentada.

Cuarto.- A clasificación do *Lote nº 5* – Reforzo Educativo do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* por orde decrecente de puntuación, as empresas licitadoras coa

seguinte orde:

LOTE 5: Reforzo Educativo	CIF	Prezo/hora/ curso	Nº horas estimadas duración contrato	Oferta total contrato
Alvalop Servicios XXI S.L.	B-36591063	22,90 €	360	8.244,00 €
Quelqum Servicios para empresas S.L.	B-70265392	25,00 €	360	9.000,00 €

Quinto.- A exclusión do Lote nº6 – Monitor de Tempo Libre do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* á empresa FESAN, FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES polos motivos e razoamentos anteriormente expostos

Sexto.- A declaración de deserto o Lote nº6 – Monitor de Tempo Libre do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* ao non haber máis licitadores.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesa, certifico.

C.I.F.: P – 1500200 – I